# Probas (cuestionarios)

## Para que serve a proba (cuestionario)?

A proba (cuestionario) permite ao profesorado crear diversas probas que comprenden preguntas de varios tipos como, por exemplo, escolla múltiple, coincidencia, resposta curta, resposta numérica, ... etc.

Neste tipo a actividade (proba) a cualificación calcúlase automaticamente, de maneira que pode servirlle ao alumnado como autoavaliación e ao profesorado pode usala para realizar o típico exame.




## Como se crea unha proba?

- Dende a páxina principal do curso, “activar a edición”.
- No tema que se desexe, premer sobre " Engadir unha actividade ou un recurso".
- Seleccionar o tipo de actividade "Proba".
- Finalmente, premer o botón "Engadir".

Unha proba inclúe diversas opcións de configuración ordenadas por apartados, entre as que destacamos as seguintes:

## Xeral

- **Nome**. Introduce un nome como título para esta proba.
- **Descrición**. Introduce un pequeno texto descritivo para definir esta proba.




## Sincronización

Permite escoller as datas de comezo e peche da proba.




## Cualificación

Permite asignar parámetros relativos a como se fará a cualificación deixando facer varios intentos ou non.



## Deseño

Aspectos relativos a como se amosan as preguntas




## Comportamento da pregunta

- **Barallar entre as preguntas**. De estar activado, as partes que compoñen cada pregunta barallaranse aleatoriamente cada vez que un alumno ou unha alumna intente a proba, fornecendo a opción tamén está activada na configuración de preguntas. Esta configuración aplícase a cuestións que teñen varias opcións, tales como escolla múltipla ou preguntas coincidentes.
- **Como se comportan as preguntas**. O alumnado pode interactuar coas preguntas na proba de varias maneiras diferentes. Por exemplo, pode querer que o alumnado introduza unha resposta para cadansúa pregunta e logo entregar a proba enteira, antes de cualificar nada, ou de que se engadan comentarios. Iso poderiamos chamalo modo de "Comentario diferido" (Deferred feedback).
  Alternativamente, pode querer que o alumnado entregue cada pregunta segunda vaia avanzando para obter comentarios inmediatos e se non o consegue facer correctamente, que teña outro intento cunha puntuación menor. Iso poderiamos chamalo modo «Interactivo con múltiplos intentos».

  Os dous anteriores ("Comentario diferido" e "Interactivo con múltiples intentos") son probabelmente os dous modos de comportamento máis comunmente usados.

  O "Modo adaptativo" permite ao alumnado dar varias respostas a unha pregunta nun mesmo intento. Por exemplo, se a resposta é incorrecta, o alumnado pode dar outra resposta inmediatamente aplicándose unha penalización que se restará da puntuación total por cada intento equivocado.

  O "Modo adaptativo sen penalizacións" é igual que o anterior pero non se aplican penalizacións.

- **Cada intento constrúese sobre o último**. De estaren os intentos múltiplos permitidos e esta configuración activa, cada novo intento conterá os resultados do intento previo. Isto permite completar unha proba en varios intentos.




## Opcións de revisión

Estas opcións controlan que información pode ver o alumnado cando revisa un intento da proba ou observan os informes da proba.

- **Durante o intento**. Esta configuración soamente é relevante para algúns comportamentos como 'interactivo con múltiplos intentos', os cales poden presentar retroalimentación durante o intento.
- **Inmediatamente despois do intentos**. Esta configuración aplícase nos primeiros dous minutos despois de premer 'Entregar todo e finalizar'.
- **Despois, mentres a proba está aínda aberta**. Esta configuración aplícase despois disto, e antes de que a proba se achegue á data de peche.
- **Despois de que a proba estea pechada**. Esta configuración aplícase despois de que a proba pase a data de peche. Se a proba non ten unha data próxima, este estado nunca remata.




## Presentar

Información relativa a como amosar información do alumnado e notas



## Restricións extra nos intentos

Permite asociar restricións entre os diferentes intentos do alumnado, como por exemplo, determinar un tempo entre proba e proba.




## Retroalimentación xeral

A retroalimentación xeral é un texto que se amosa despois de feito un intento. Ao especificar extremos de cualificación adicionais (como unha porcentaxe ou un número), o texto amosado deberá depender da cualificación obtida en función do número (cualificación numérica) ou da porcentaxe (cualificación porcentual).



Configuración común do módulo

Permite indicar se a proba está asociada a algún grupo e/ou agrupamento




Completado da actividade

No caso de ter activado o seguimento, aparecerá esta opción coas opcións habituais e con algunha referente á proba (se obtivo cualificación ou acado o número máximo permitido de intentos)




Cando se remata, debemos premer en "Gardar e Presentar" para poder editar a proba. Outra forma é, na páxina principal do curso, premendo no nome da proba. Aparecerá unha xanela similar á seguinte




Prememos no botón "Editar a proba" e aparece unha xanela similar á seguinte



En "engadir" engadiremos as preguntas da proba tendo as seguintes opcións:




Pode ser que teñamos xa as preguntas creadas no banco de preguntas. Nese caso, podemos seleccionar unha delas premendo no botón "do banco de preguntas". Mostrará unha xanela similar á seguinte




Para engadir a pregunta, na parte da dereita seleccionaremos a categoría onde están as nosas preguntas e despois xa podemos seleccionar unha delas.

Para iso, seleccionamos a pregunta que queremos e despois prememos en "Engadir preguntas seleccionadas á proba"




Despois do cal, vólvese á proba e móstrase a pregunta engadida




Ademais, no caso de ter as preguntas xa creadas no banco de preguntas, podemos seleccionar unha de forma aleatoria a través do botón "Engadir – Engadir unha pregunta aleatoria". Amosará unha xanela similar á seguinte, onde podemos elixir unha pregunta dunha categoría concreta ou incluso crear unha nova nese momento.




No caso de non ter as preguntas creadas no banco de preguntas, podemos ir creando novas. Para iso, temos que premer no botón "Engadir - Engadir unha pregunta".

Aparece unha xanela con todos os tipos de preguntas posibles




Unha vez seleccionado o tipo de pregunta que queremos, prememos en "Seguinte".

En función do tipo de pregunta teremos unhas opcións ou outras. Na seguinte ligazón podedes acceder a información completa de cada unha delas

| | |
|---|---|
| | https://docs.moodle.org/all/es/29/Tipos_de_preguntas |

Explicaremos máis en detalle “Escolla múltipla”, “Verdadeiro/Falso” e “Resposta curta” por se as máis habituais, pero o resto son bastante auto-explicativas.

**Escolla múltipla**

Xeral

De forma obrigatoria, temos que indicar o nome da pregunta, o texto correspondente e a marca (que ven sendo a puntuación). Temos tamén que indicar se ten unha ou varias respostas correctas, así como o método de numeración das mesmas.



Respostas

Aquí escribiremos as diferentes respostas da pregunta




Comentario combinado

Para indicar a información a mostrar ao alumnado no caso de resposta correcta, incorrecta ou parcialmente incorrecta



<u>Intentos múltiples</u>

Penalización no caso de respostas incorrectas




<u>Etiquetas</u>

No caso de querer engadir algunha etiqueta




**Verdadeiro/Falso**

<u>Xeral</u>

De forma obrigatoria hai que indicar o nome, o texto da pregunta, a marca (que é a nota) e despois indicar cal será a resposta correcta. Pode ser que a resposta correcta da pregunta sexa Verdadeiro (true) o que a resposta correcta sexa Falso (false).







## Intentos

Indicar se hai penalización



## Etiquetas

Indicar o emprego de etiquetas




# Resposta curta

## Xeral

De forma obrigatoria hai que indicar o nome, o texto da pregunta, a marca (que é a nota) e despois indicar se distinguimos maiúsculas de minúsculas



## Respostas

Indicar cales son as posibles respostas correctas




## Intentos múltiples

Indicar se hai penalización



Etiquetas

Indicar o emprego de etiquetas




Ao terminar e ir engadindo preguntas teremos unha ventá similar




No momento que temos máis de dúas preguntas, habilítase a opción “Repaxinar” que nos permite indicar cantas preguntas queremos por páxina




Canto terminemos, prememos no botón “Gardar” (á dereita)

Volvendo á páxina principal, despois de engadir todas as preguntas, se prememos no nome da proba veremos unha ventá onde podemos iniciar a mesma




Pulsando en “Intentar a proba agora” poderemos facela

No caso de querer volver a editala, teremos que "Activar a edición", premer no nome da proba e despois empregar o menú esquerdo




Na opción "Banco da pregunta" poderemos editar ou engadir novas.